EXPEDIENTE 2025/G010/000004. PLENO SESIÓN ORDINARIA 13 DE MARZO DE 2025.

ACTA Nº 2025/05

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: xoves 13 de marzo de 2025

Hora de comezo: 20.58 horas

Hora de remate: 21.43 horas

PRESIDE:

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUAREZ MILLAN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
JOSE LUIS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000001. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria do 6 de febreiro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000002. Pleno do Concello. Sesión extraordinaria urxente do 7 de febreiro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

3 EXPEDIENTE 2025/G010/000003. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 13 de febreiro de 2025. Aprobación da acta da sesión.

4 EXPEDIENTE 2023/X999/000023. Inventario de bens. Resolución recurso de reposición.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/G006/0000060. Decretos da Alcaldía ditados entre o entre o 8 de febreiro e o 9 de marzo de 2025. Toma de razón.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

6 Mocións.

6.1. Moción do Grupo Municipal do BNG para a compra dunha trituradora de restos de poda.

6.2. Moción do Grupo Municipal do BNG para o estudo arqueolóxico do Castro de Calvos.

7 Rogos e preguntas.

De seguindo trátanse

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/G010/000001. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA DO 6 DE FEBREIRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

06.02.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 6 de febreiro de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2025/G010/000002. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO 7 DE FEBREIRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

07.02.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión extraordinaria urxente do Pleno do Concello que tivo lugar o 7 de febreiro de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola maioría absoluta con dez votos a favor (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG e o Concelleiro non adscrito) e abstención do Concelleiro do BNG por non haber asistido á sesión.

3 EXPEDIENTE 2025/G010/000003. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 13 DE FEBREIRO DE 2025. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

13.02.2025. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 13 de febreiro de 2025.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

4 EXPEDIENTE 2023/X999/000023. INVENTARIO DE BENS. RESOLUCIÓN RECURSO DE REPOSICIÓN.

O sr. alcalde di que hai que primeiro hai que votar a inclusión do citado punto na orde do día, xa que este asunto non foi levado á Comisión porque estaba pendente de informe e para dar resposta o recurso en prazo decidimos traelo sen pasalo pola Comisión.

Procedeuse á votación da inclusión na orde do día, aprobándose pola maioría absoluta con dez votos a favor (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG e o Concelleiro do BNG) e abstención do Concelleiro non adscrito, sendo once o número legal de membros da Corporación.

Consta no expediente a seguinte proposta de acordo:

ANTECEDENTES

- O 14 de novembro de 2024 o Pleno da Corporación por maioría absoluta acordou aprobar inicialmente o Inventario de bens e dereitos que corresponden a esta Entidade formado o día 16 de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

outubro de 2024 e abrir un período de información pública polo prazo de 20 días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal, a fin de que calquera persoa física ou xurídica poida examinar o expediente e formular alegacións no seu caso.

- O 20 de novembro de 2024 publicouse no BOP núm. 224 o anuncio de aprobación inicial do inventario de bens e dereitos do Concello de Touro, publicándose na sede electronica do Concello o citado Inventario.

- O 20 de xaneiro de 2025 emítese certificado relativo ás alegacións presentadas durante o periodo de exposición pública onde consta as alegación presentadas por José Manuel Fernández Vázquez e por Olaya Valiño Santiso en representación da Asociación de Veciños do Batán.

- Informe-proposta de 29 de xaneiro de 2025, de resolución das alegacións e de aprobación defintiva.

- Ditame da Comisión de Asuntos Xerais de data 9 de setembro de 2024, de desestimación das alegacións presentadas e de aprobación da Conta Xeral.

- Acordo plenario de data 6 de febreiro de 2025 onde se acordou:

***"…/… PRIMEIRO.** Desestimar as alegacións presentadas por José Manuel Fernández Vázquez, en base ao reflectido nas consideracións técnicas e xurídicas, estimado unicamente a referida a parcela con referencia catastral 15086A502003840000UU – terreno cementerio de Bama (código ben 15085000260) xa que é titularidade do Arzobispado de Santiago de Compostela, procedendo a excluíla do Inventario Municipal.*

***TERCEIRO.** Aprobar definitivamente o Inventario de bens e dereitos cuxo resumo por epígrafes é o seguinte:*

- Recurso potestivo de reposición contra o acordo plenario de aprobación do inventario de bens, presentado por José Manuel Fernández Vázquez, con entrada no Rexistro do Concello nº 202500000000136 de 26 de febreiro de 2025.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Lexitimación do recorrente para impugnar o acordo Plenario.

Conforme ao disposto no art. 52.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local -LRBRL-, contra os actos e acordos das entidades locais que poñan fin á vía administrativa, os interesados poderán exercer as accións que procedan ante a xurisdición competente, podendo con todo interpoñer con carácter previo e potestativo recurso de reposición. Para estes efectos, poñen fin á vía administrativa as resolucións tanto do pleno da corporación, dos alcaldes ou presidentes e das correspondentes xuntas de goberno, salvo nos casos excepcionais en que unha lei sectorial requira a aprobación ulterior da Administración do Estado ou da comunidade autónoma respectiva, ou cando cumpra recurso ante calquera destas.

***Segundo. Prazo de impugnación e resolución**.*

O prazo para a interposición do recurso de reposición é dun mes conforme ao preceptuado no artigo 124.1 da Lei 39/2015; se ben o seu cómputo debe comenzar dende que tivo efectivo coñecemento do acordo adoptado, sendo no presente caso dentro do referido prazo.

Á súa vez, o prazo que ten O Concello para resolver e notificar dita resolución é dun mes a partir da súa presentación, conforme o previsto no artigo 124.2 da Lei 39/2015, citada.

De conformidade co artigo 24 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o sentido do silencio será desestimatorio nos procedementos de impugnación de actos e disposicións.

A desestimación por silencio administrativo ten os sós efectos de permitir aos interesados a interposición do recurso administrativo ou contencioso-administrativo que resulte procedente.

Na resolución do recurso, estimarase en todo ou en parte ou desestimaranse as pretensións formuladas no mesmo ou declararase a súa inadmisión.

Cando existindo vicio de forma non se estime procedente resolver sobre o fondo ordenarase a retroacción do procedemento ao momento no que o vicio foi cometido, sen prexuízo de que eventualmente poida acordarse a convalidación de actuacións polo órgano competente para iso.

A resolución do recurso notificarase ao interesado. Se a Administración non notificase a súa decisión no prazo dun mes, o interesado poderá considerar desestimada a súa reclamación ao efecto de formular o correspondente recurso contencioso-administrativo.

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Se ben tal e como establece o artigo 21.1 da Lei 39/2015 a Administración está obrigada a dictar resolución expresa e a notificala en tódolos procedementos calquera que sexa a súa forma de iniciación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

No recurso presentado, a persoa que o subscribe, na súa exposición afirma:

1. Desestímase de novo a miña alegación para que se inclúa no inventario os terreos adquiridos na parroquia de Foxás mediante contrato privado asinado polo Sr. Alcalde.

Esta cuestión xa foi resolta na constestación ás alegacións.

O Inventario de Bens obxecto de exposición pública foi realizado e entregado no 2023, polo que non se recollen adquisicións realizadas con posterioridade a esa data.

Os bens referidos pola persoa alegante foron adquiridos no ano 2024, e de conformidade co establecido no artigo 33 do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, procederase a rectificación do inventario que se verificará anualmente, e nela reflectiranse as vicisitudes de toda índole dos bens e dereitos durante esa etapa, competencia que lle correponde ao Pleno.

2. A referencia á que eu me referín en Brandelos correspóndese coa capela privada da familia Santos Pena que de seguro foi inmatriculada pola Igrexa católica.

A persoa que recurre xa fai constar que se trata dun asunto entre particulares sobre titularidade, que non é de competencia municipal.

3. Estímase a miña alegación sobre a referencia castastral 15086A02003840000UU correspondente ao cemiterio de Bama 610 metros cadrados. Se observamos as coordenadas UTM e os límites de construcción e parcelas colindantes tendo en conta como decía Don Alonso Quijano "con la iglesia hemos topado querido Sancho". Se alguén falece en Bama e non pertencer a Igrexa Católica ¿onde o enterraríamos? En T.E.N. para facer tecnosolos?

Sobre este asunto propoño ao pleno que acorde un EXPEDIENTE DE DOMINIO que debe seguirse diante do Xulgado de 1ª Instancia no que radican as fincas, para obter algún dos tres seguintes resultados: A inmatriculación no rexistro da propiedade é decir o acceso ao rexistro das fincas non inscritas, a renaudación do tracto sucesivo e/ou a inscrpición no rexistro dos excesos de cabida das fincas inscritas.

A citada parcela tal e como consta na escritura notarial de 26 de xaneiro de 2005, en base ao acordo plenario de 13 de marzo de 1998, foi obxecto de cesión gratuíta á Igrexa Católica Arzobispado de Santiago de Compostela no prazo de cinco anos coa obriga de destinala a cemiterio mantendo o seu destino dentro dos trinta anos seguintes, tal e como consta na escritura notarial de 26 de xaneiro de 2005.

CONCLUSIÓNS.

Do referido nas consideracións xurídicas, no presente informe proponse ao órgano competente desestimar o recurso de reposición interposto contra o acordo plenario de 6 de febreiro de 2025 de aprobación definitiva do Inventario de Bens.

INTERVENCIÓNS

Non se producen.

VOTACIÓNS

A continuación procedeuse á votación da proposta de desestimación do recurso de reposición interposto contra o acordo plenario de 6 de febreiro de 2025 de aprobación definitiva do Inventario de Bens interposto por José Manuel Fernández Vázquez, que resultou aprobada pola maioría absoluta con dez votos a favor (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG e o

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Concelleiro do BNG) e abstención do Concelleiro non adscrito, sendo once o número legal de membros da Corporación.

II PARTE DE CONTROL

5 EXPEDIENTE 2025/G006/0000029. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O ENTRE O 10 DE FEBREIRO O 9 DE MARZO DE 2025. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de febreiro e o 9 de marzo de 2025.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 10 de febreiro e o 9 de marzo de 2025 (artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais):

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2025/G003/000035	EXPEDIENTE 2025/G010/000003. Pleno sesión ordinaria 13 de febreiro de 2025. Convocatoria.	35/2025	10-02-2025
2025/G003/000036	EXPEDIENTE: 2025/G003/000036. Decreto pago taxas por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía da obra "Senda en Bendaña e outro". Obras POS+2025	36/2025	11-02-2025
2025/G003/000037	EXPEDIENTE: 2025/G003/000037. Anulación recibo da taxa por recollida de lixo do exercicio 2024 número fixo: 253000786588	37/2025	12-02-2025
2025/G003/000040	EXPEDIENTE 2025/S002/000004. Modificación de Servicio Axuda no Fogar por dependencia	38/2024	14-02-2025
2025/G003/000039	EXPEDIENTE 2025/S002/000003. Solicitude de incremento de horas de servizo de axuda no fogar.	39/2025	14-02-2025
2025/G003/000042	EXPEDIENTE 2025/S002/000006. Baixa de Servizo Axuda no Fogar dependencia por falecemento.	40/2025	17-02-2025
2025/G003/000041	EXPEDIENTE 2025/S002/000005. Baixa de Servizo Axuda no Fogar dependencia por falecemento.	41/2025	17-02-2025
2025/G003/000043	EXPEDIENTE 2025/S002/000007. Baixa de Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia.	42/2025	17-02-2025
2025/G003/000044	EXPEDIENTE 2025/S002/000008. Alta de Servizo Axuda no Fogar por dependencia	43/2025	17-02-2025
2025/G003/000045	EXPEDIENTE 2025/S002/000009. Modificación de servizo Axuda no Fogar por dependencia	44/2025	18-02-2025
2025/G003/000047	EXPEDIENTE 2025/S002/000011. Alta de Servizo Axuda no Fogar por dependencia	45/2025	18-02-2025
2025/G003/000046	EXPEDIENTE 2025/S002/000010. Baixa de Servizo Axuda no Fogar libre concorrencia.	46/2025	18-02-2025
2025/G003/000048	EXPEDIENTE 2025/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025 (PEL-CONCELLOS/2025). Lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, nomeamento de tribunal e data do proceso de selección.	47/2025	19-02-2025
2025/G003/000049	EXPEDIENTE 2024/C008/000002. Indemnización de danos e prexuízos por incumprimento de contrato. Resolución de alegacións.	48/2025	20-02-2025
2025/G003/000051	EXPEDIENTE 2025/A08/000023. Subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas. Solicitude de subvención.	49/2025	20-02-2025
2025/G003/000050	EXPEDIENTE: 2025/G003/000050. Decreto pago taxas por autorización de xestor de residuos para actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos procedemento MT975G e baixa ou transmisión de titularidade de autorización de xestor de residuos para	50/2025	20-02-2025

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	actividades de almacenamento, valorización e eliminación de residuos procedemento MT975F		
2025/G003/000052	EXPEDIENTE: 2025/G003/000052. Decreto pago taxas por inscrición no Rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia como transportista de residuos perigosos (código procedemento MT986G) e inscrición no Rexistro de produtores e xestores de residuos de Galicia como transportista de residuos non perigosos (código procedemento MT986F)	51/2025	20-02-2025
2025/G003/000053	EXPEDIENTE 2025/G003/000053. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de febreiro 2025)	52/2025	21-02-2025
2025/G003/000038	EXPEDIENTE 2025/G007/000002. Xunta Goberno Local sesión ordinaria 24 de febreiro de 2025. Convocatoria.	53/2025	21-02-2025
2025/G003/000054	EXPEDIENTE 2025/S002/000012. Baixa de Servizo Axuda no Fogar dependencia por falecemento.	54/2025	24-02-2025
2025/G003/000057	EXPEDIENTE 2025/E001/000001. Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025 (PEL-CONCELLOS/2025). Pago asistencias tribunal de selección.	55/2025	24-02-2025
2025/G003/000056	EXPEDIENTE 2025/G003/000056. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de febreiro de 2025	56/2025	24-02-2025
2025/G003/000055	EXPEDIENTE 2025/G003/000055. Horas extraordinarias realizadas fora da xornada laboral febreiro 2025.	57/2025	24-02-2025
2025/G003/000062	EXPEDIENTE 2025/G003/000062 Decreto pago taxa por actuacións de comprobación e control das declaracións responsables para a realización de actuacións menores no dominio público hidráulico e na súa zona de policía correspondente á obra Mellora viario a Abelenda, incluída no Plan Camiña Rural 2025-2026.	58/2025	27-02-2025
2025/G003/000060	EXPEDIENTE 2025/X999/000021. Aprobación nóminas febreiro 2025.	59/2025	27-02-2025
2025/G003/000059	EXPEDIENTE 2025/A008/000010. Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).	60/2025	27-02-2025
2025/G003/000058	EXPEDIENTE 2025/S002/000013. Solicitude de baixa do PAR de SAF por dependencia sen asignación de horas.	61/2025	27-02-2025
2025/G003/000061	EXPEDIENTE 2025/A008/000008. Orde do 14 de xaneiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). Solicitude de subvención.	62/2025	27-02-2025
2025/G003/000063	EXPEDIENTE 2025/C002/000005. Contrato menor servizos para a execución do Proyecto Diversidad e igualdad: rompiendo barreras. Adxudicación do contrato.	63/2025	27-02-2025
2025/G003/000064	EXPEDIENTE 2025/S002/000014. Modificación de Servizo Axuda no Fogar	64/2025	27-02-2025
2025/G003/000065	EXPEDIENTE 2025/E001/000001.Proceso de selección para a contratación de persoal ao abeiro do programa de subvencións á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia da Coruña no ano 2025 (PEL-CONCELLOS/2025). Formalización contratos e constitución bolsa de traballo.	65/2025	03-03-2025
2025/G003/000066	EXPEDIENTE 2025/A08/000020. Subvención da liña en concorrencia non competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida,	66/2025	03-03-2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

	destinadas a entidades locais de Galicia (código de procedemento PR483A). Solicitude subvención.		
2025/G003/000067	EXPEDIENTE 2025/A008/000021. Subvencións a entidades locais para a promoción da igualdade 2025 cofinanciadas parcialmente polo Fondo Social Europeo Plus (FSE+) Galicia 2021-2027. Solicitude de subvención.	67/2025	03-03-2025
2025/G003/000068	EXPEDIENTE 2025/V006/000001. Solicitude tarxetas accesibilidade e estacionamento para persoas con discapacidade	68/2025	04-03-2025
2025/G003/000069	EXPEDIENTE 2025/G003/000069. Liquidación copago usuarios SAF febreiro	69/2025	06-03-2025
2025/G003/000070	EXPEDIENTE 2025/A08/000020. Subvención da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2025, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (código de procedemento PR483A). Solicitude subvención.	70/2025	06-03-2025
2025/G003/000071	EXPEDIENTE 2025/G003/000071. Corrección erro decreto 69/2025. Liquidación copago usuarios SAF febreiro	71/2025	06-03-2025
2025/G003/000072	EXPEDIENTE 2025/A08/000024. Solicitude de subvención Orde para a aplicación de solucións baseadas na natureza orientadas á prevención de riscos asociados ao cambio climático espazos urbanos e periurbanos (programa Galicia refuxio climático).	72/2025	07-03-2025

O pleno dase por enterado.

6 MOCIÓNS.

6.1. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA A COMPRA DUNHA TRITURADORA DE RESTOS DE PODA.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

Exposición de motivos.

O carácter rural do concello de Touro fai que a inmensa maioría dos fogares teñan fincas con cultivos de vide, froiteiras, plantas ornamentais, setos, etc., isto provoca que na época de poda se produzan unha gran cantidade restos orgánicos de pólas, troncos, vidras, etc.

A forma case exclusiva de desfacerse destes restos é mediante a súa queima controlada. Esta queima, ademais da contaminación do aire que provoca, impide que se usen estes restos como abono orgánico nesas fincas.

Co fin de xestionar correctamente os restos de podas de viñas, árbores, setos, arbustos, etc. sería de gran utilidade funcional e ambiental unha máquina trituradora de pólas e troncos de diversos tamaños.

Esta máquina que sería de titularidade municipal e de uso público, empregaríase para as podas de carácter municipal e para poñer a disposición dos veciños e veciñas que a solicitasen para poder triturar os seus restos de poda. Deste xeito faríase unha xestión de residuos orgánicos máis sostible que actualmente, minimizando as queimas e incineracións nas fincas privadas.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. O concello adquirirá un máquina trituradora para restos de poda para uso municipal e para poñer a disposición dos veciños e veciñas que a soliciten para triturar os seus propios restos de corta e poda.

2. O concello establecerá un procedemento regulado que rexirá as condicións e a forma en que esta máquina poida ser utilizada por aqueles veciños e veciñas que queiran facer uso dela.

O voceiro do Grupo Municipal do PP, Sr. Reboredo González, di que estamos totalmente de acordo, o problema é como implementar esta vía, a capacidade, o tamaño, as condicións da máquina e por outro lado a dificultade do manexo, canto máis complexa sexa a máquina máis dificultade. Non sei se sería posible comprar esa máquina e facer os traballos de trituración con persoal do Concello

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

mediante demanda, non sei se iso é viable economicamente ou non. Basicamente estamos de acordo que se estuden as condicións técnicas adecuadas e a mellor forma de xestionar este tema.

O alcalde di que estamos de acordo en que o método de xestión dos restos agrícolas como son as podas pola vía da queima non é un bo método de xestión e estamos totalmente de acordo en que o Concello ten que contribuír e colaborar na xestión deses restos, pero si diferimos na ferramenta, cremos que pode ser máis factible tanto para os usuarios e incluso unha xestión máis económica e eficiente incluso ecoloxicamente o de habilitar nas parroquias un ou incluso varios puntos de depósito e recollida dos restos e a partir de aí o Concello fai a xestión destes ben vía triturado ou aproveitamento enerxético o outros aproveitamentos. Cremos que é un método que facilita aos veciños o desfacerse deses restos incluso é lle máis factible cargalos nun remolque que metelos nunha trituradora, incluso ten menos riscos. A idea é optar por esta vía, hai unha experiencia aquí cerca como é Boqueixón que ten habilitado puntos deste tipo e funciona perfectamente e cónstame que Teo que é neste caso máis urbano, ten contedores e tamén teñen unha boa experiencia niso. Coincidindo na vocación e no fin da proposta da moción que é facilitar aos veciños/as a xestión deses restos, a nosa idea de xestión sería con outros métodos, polo tanto estritamente con respecto á moción, votaremos en contra.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que pode entender a segunda parte, é certo que eu a tiña como alternativa aínda que non consta por escrito que é establecer “puntos verdes”, como dixen antes facer unha máquina en préstamo é compricado, iso enténdoo, pero isto tamén ten un problema porque o Concello ten que ter un camión cun guindastre; en todo caso aceptaría deixar o primeiro punto tal como está adquirir un máquina trituradora para restos de poda para uso municipal e no segundo punto habilitar puntos verdes nas parroquias nos que a xente poida depositar os restos de poda e logo xa os xestionará o Concello, non sei se acepta ou non. Digo o da trituradora porque se o Concello vai a ter que xestionar todos estes restos van ser cantidades considerables entendo eu e a única maneira que ten de facelo é triturando, porque para revalorización enerxética sona moi ben, pero é un eufemismo de queima, queimalo nun sitio onde podas recuperalo en forma de calor e iso penso que é bastante inviable. Non teño problema en cambiar, son mocións abertas para intentar que sexan prácticas.

O sr. alcalde di que a adquisición da trituradora eu enténdoos como secundaria, é dicir, o concello pode facer a xestión dos servizos con recursos propios ou alleos, de feito o Concello os restos de poda estaos triturando e non ten trituradora, co cal o compromiso de adquirir unha trituradora conleva ter persoal para manexo, co cal o persoal que hai deixaría de facer outras tarefas.

O voceiro do BNG, Sr. Xoan Louzao, di que a trituración vai se ver multiplicada por moito, polo que darase conta de que non é rendible a trituración con recursos alleos.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo, di que para nos o tema dos puntos verdes de depósito, onde hai núcleos urbanos ten sentido porque os restos de poda son reducidos, no ámbito rural non todo o mundo ten como transportar os restos dende a casa ata eses puntos, comparto co BNG que a compra dunha trituradora para o Concello é unha maquina accesible cun custo razoable e iso non priva de que se poida compatibilizar cos puntos de depósito, nos apoiariamos esa fusión deses dous temas.

O sr. alcalde pregunta cal é a proposta que se presenta, cal é o acordo que se somete a votación.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao di que un acordo que sexamos capaces de sacar adiante, a primeira parte sería adquirir un máquina trituradora para restos de poda para uso municipal e no segundo o Concello habilitará uns puntos verdes por parroquias onde todos o veciños e veciñas poidan depositar os seus restos de poda para que logo o Concello os xestione.

O sr. alcalde di que a alternativa que ten pensada o goberno é a da habilitación deses puntos de depósito e recollida, polo tanto mantendo a cuestión da trituradora, votaremos en contra.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción nos seguintes termos: adquirir un máquina trituradora para restos de poda para uso municipal e o Concello habilitará uns puntos verdes por parroquias onde todos o veciños e veciñas poidan depositar os seus restos de poda para que logo o Concello os xestione; resultando aporbada pola maioría absoluta, por sete votos a favor (cinco Concelleiros do PP, o Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito) e catro votos en contra dos tres concelleiros de MVXT e o Concelleiro do PG, sendo once o número legal de membros da Corporación.

6.2. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG PARA O ESTUDO ARQUEOLÓXICO DO CASTRO DE CALVOS.

INTERVENCIÓNS

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da Moción co seguinte contido:

Exposición de motivos:

O Concello de Touro posúe un territorio moi rico en vestixios históricos e arqueolóxicos pero non dispón dunha planificación ou estratexia encamiñada a poñelos en valor.

Esta posta en valor sería moi positiva por canto axudaría a ter un mellor coñecemento do territorio e da historia do noso concello, unha maior sensibilidade cara a súa conservación e permitiría novos espazos de encontro e actividades interxeracionais en torno ao noso patrimonio arqueolóxico.

Ao mesmo tempo serviría como un atractivo máis do noso concello como posible lugar de visita, coa correspondente rendibilidade económica que isto podería traer.

Ademais de petróglifos e mámoas, existen no noso concello máis de 20 castros, que serían o xerme máis lonxano no tempo dos nosos lugares e parroquias.

Un destes é o Castro de Calvos, entre as aldeas de Vilar e a Xunqueira, na parroquia de San Martiño de Calvos de Socamiño, que está a 310 metros sobre o nivel do mar, ten uns 100 metros de diámetro e está delimitado por un parapeto en todo o seu perímetro. As alturas que se conservan das murallas ou parapetos están entre os dous e os catro metros de altura. Para chegar a el a pé existe un camiño antigo e actualmente posúe dúas entradas (aínda que non sabemos se son orixinais da época na que existiu como aldea), e ten tamén restos dun foxo na zona Sur e na zona Oeste.

Este castro atópase nun lugar accesible para que coches e autobuses poidan chegar ás súas proximidades, para favorecer a visita de colectivos, ademais de que está pouco alterado e en condicións de poder acometer un estudo científico como primeiro paso para a súa posta en valor.

Por todo isto, o grupo municipal do BNG consciente da importancia da posta en valor de este elemento, propón ao pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1. Elaboración dunha proposta para a posta en valor do Castro de Calvos, (con código no catálogo de bens arqueolóxicos da Xunta de Galicia: GA15085007).

2. Execución dun proxecto que englobe un estudo científico deste castro para a recollida de información sobre as súas características, cronoloxía, etc.; e unha valorización turística a través de produtos de reclamo, máis unha valorización de socialización co entorno inmediato.

3. Búsqueda de vías de financiación para estas actuacións nas diferentes institucións como a Xunta de Galicia, Deputación Provincial ou axudas dos fondos FEDER.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, di que están totalmente de acordo coa filosofía da proposta, hai que empezar por algún lado e parécelle perfecto que se propoña ese Castro que pode servir de exemplo para outros bens que xa están catalogados no Concello.

O Sr. alcalde di que efectivamente o Concelleiro do BNG estivo co alcalde fai uns meses falando deste asunto e precisamente con esa proposta preliminar enriba da mesa que fora presentada pola empresa Cado Arqueoloxía, daquela conversa pedíuselle un orzamento a esta empresa que non chegou a presentar aínda. Retomamos este asunto e si incluso falaramos desa proposta que había estaba centrada unicamente na cuestión do Castro e falaramos efectivamente da creación dun roteiro na que se incluíse o resto de bens arqueolóxicos, incluso o muíño de Rilo ou a posibilidade de enlazar coa Ruta de Sendeirismo; co cal estamos de acordo.

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

VOTACIÓNS

Procédese á votación da Moción, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

7 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro do PP, Sr. Reboredo González, realiza as seguintes preguntas.

1. Pregunta que xa vimos facendo en plenos anteriores, en relación coa elaboración do presupuesto municipal, supoñemos que o alcalde nos contestará o mesmo que nos pasados plenos de reunión de portavoces e tal. Queremos aproveitar esta pregunta tamén para anticipar un pouco o que vai a ser a nosa postura de cara a posibles expedientes de modificación de crédito sobre o actual presupuesto prorrogado, porque como é sabido a partir seguramente do mes de xullo habeerá problemas para abonar servizos tan importantes como o servizo de axuda a domicilio e outros seguramente, como grupo municipal non imos a votar a favor de ningunha modificación sobre o presuposto prorrogado, con esto queremos propoñer que se axilice a aprobación do presupuesto, que se traiga a Pleno, que se aprobe coas emendas e propostas que haxa que aprobalo e sobre eso se é necesario facer modificacións orzamentarias estudiarémolo no seu momento. A pregunta e esa pero aproveito para anticipar a nosa postura sobre os expedientes de modificación de crédito.

2. Fai uns días a iniciativa do Concelleiro Darío Rey solicitouse a convocatoria dun pleno extraordinario para tratar da adxudicación do servizo de asistencia técnica que estaba vencido dende o mes de xaneiro do ano pasado, curiosamente tres ou catro días despois publicouse na plataforma de contratación os pregos de contratación do servizo de asistencia aínda que agora desglosado en dous servizos que basicamente ben a ser o anterior servizo; nós xa lle habiamos manifestado aquí nun pleno que ao noso xuízo había un incumprimento de contrato por parte da empresa adxudicataria do servizo, Estudio Técnico, porque se había comprometido no momento da adxudicación a realizar o inventario de carreteras, de pistas e camiños municipales que non temos noticia de que eso se haxa feito, e de feito cando mencionamos isto no pleno o alcalde parecía descoñecer esa prestación á que se comprometa Estudio Técnico, como está en licitación, finalizou o prazo de presentación de proposicións o día de onte, entendemos que ao haber un incumprimento de contrato debería haberse iniciado un expediente sancionador polo incumprimento. A primeira pregunta sobre este tema e se iniciou ou vai iniciar ese expediente sancionador por incumprimento de contrato e unha segunda sería que entendemos que esa empresa debería ser excluída da licitación porque loxicamente se incumpriu o contrato anterior, non ten demasiado sentido que participe nestes novos contratos.

3. En relación coas festas do Antroido, porque se suprimiu o concurso de disfraces que se fixera o ano pasado en colaboración cos bares e cafeterías de Touro e unha segunda porque se adiantou ao 28 de febreiro, cando normalmente se facía coincidir o desfile dos Xenerais da Ulla coa Feira do día cinco.

Un rogo que formulamos, a pasada Feira do día cinco cortouse a Rúa Bispo Diéguez e parte da Rúa Isabel II, que é a carretera esta da Xunta, e coa xente que viñemos falando suscitou un montón de queixas polas molestias que causa aos usuarios e a xente que veñen a Feira; polo que propoñemos que alo menos se manteña aberto un dos carriles, pensamos que contribuiría a un mellor funcionamento da Feira, porque a tendencia en si mesma da Feira e que vaian diluíndo e se lle poñemos dificultades peor, se alonxamos á xente do núcleo, se lle poñemos dificultades para acceder cos vehículos, entendemos que se causan máis problemas que solucións, polo que propoñemos que como mínimo se manteña un dos carrís de circulación aberto.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

1. Sorpréndeme a insistencia no orzamento cando estamos cun orzamento que se non me falla a memoria foi elaborado cando o actual portavoz do PP facía funcións de secretario, entón con eses antecedentes que é o que pode fallar do orzamento.

2. Respecto o servizo de asistencia técnica e a posibilidade de incumprimento do contrato que está vencido, loxicamente iniciaranse o expediente sancionador que corresponda polo incumprimento que haxa.

Relativo a exclusión desa empresa na participación da actual contratación por incumprimento do anterior contrato, pregúntame a min alcalde e eu como cuestión técnica que é descoñezo absolutamente esa cuestión de si é motivo de exclusión ou non.

3. Respecto do concurso de disfraces do Antroido, efectivamente o ano pasado fíxose, pero a valoración que se fixo é que non foi exitoso, pretendíase a implicación e interés por parte dos locais de hostalería, implicación e interés que este ano non amosaron, co cal a decisión foi non continuar con ese evento.

O Antroido celebrouse este ano, igual que o ano pasado, o venres de Antroido, coincidindo co tradicional Antroido no colexio, entendo que é por así dicilo a comunidade escolar o grupo poboacional máis grande da parroquia de Touro e incluso a comunidade educativa como grupo máis numeroso do Concello, pois entendemos que o Antroido na Fonte Díaz debe coincidir cando ese grupo celebra o Antroido.

No turno de preguntas do grupo municipal do BNG, o Sr. Xoan Louzao, formula as seguintes:

1. Traía como pregunta, respecto do rogo que se acaba de formular, se se vai a manter ese corte e se no corte se tivo en conta o problema que supón para moitas persoas ir buscar a compra, porque hai que pensar nos servizos e aquí a xente é maior e necesitas acercar o coche para recoller a compra.

2. Se se vai a cambiar a pancarta que se puxo contra a mina que está aquí as nosas costas, para a fachada principal. Entendo que un problema tan principal como é o da Mina para o concello non se tratara polo grupo de Goberno como un tema secundario e poñemos a pancarta pero nun sitio que non se ve.

3. Se hai intención de sacar a zahorra que está diante do campo de fútbol de Calvos que leva alí non sei cantos anos, en situación de abandono.

4. Pregunta sobre un Decreto que me sorprendeu, o Decreto 36, que fala de pago de taxas por actuacións nos leitos do ríos, concretamente en dúas obras Senda en Bendaña e outro que é o acceso ao Lavadoiro da Muíña, foron pagadas o día cinco de febreiro e son dúas obras que entran no Plan Pos 2025 que se ía levar a Pleno o día seguinte, seis de febreiro, pagáronse unhas taxas dunhas actuacións que non estaban aprobadas, moi mal entendo ou mal leo. Por encima pagáronse mal a taxas, houbo que refacelas e pagouse polo mesmo unha taxa menor o día onde ou doce cando xa rexeitase o POS, polo que non entendo porque se pagan unhas taxas antes de estar aprobado sen saber se se van a facer esas obras ou non. Non sei onde está a lóxica disto.

5. No Decreto 72 pídese unha subvención para o proxecto “Mellora da conectividade natural na contorna de Fonte Díaz”, preguntar un pouco en que consiste ese proxecto.

Teño un rogo, o próximo sábado vinte e dous de marzo vai haber unha manifestación en Pobra do Caramiñal en defensa da auga e da terra, chámase así, en defensa do río Ulla e da Ría de Arousa, contra o proxecto de ALTRI e da Mina de Touro, dous proxectos altamente impactantes no río Ulla e por suposto na Ría de Arousa, manifestación que pretende poñer en valor a riqueza da Ría de Arousa, a ría máis produtiva de Europa posiblemente, o que propoñemos é que o Alcalde saque un bando chamando, invitando e animando á poboación de Touro a que o sábado vinte e dous a xente se acerque á Pobra do Caramiñal para manifestarse en defensa de algo tan esencial como é auga e é a Ría.

O Alcalde resposta as preguntas do seguinte xeito:

1. Sobre o corte da estrada AC-240 para a celebración da Feira, a vontade é manter o corte mentres nos dean permisos para mantelos. Foi un tema falado cos tendeiros fai moitos meses, falouse con eles da modificación da distribución dos postos en función do tipo e do volume de mercadoría, para ubicar naquelas zonas que a mercadoría necesitara transporte poñelos nos extremos, de feito en concreto cun tendeiro vendedor de patacas que estaba no treito do medio, xa se falou con el para que se traslade a un extremo para que os coche poidan facer a carga sen ter que entrar na zona peonil.

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2. Respecto da pancarta relativa á Mina, está nun lateral porque na fronte leva practicamente dende que chegamos ao goberno unha pancarta relativa ao 8M, como ese día, consideramos que o 8M é todo o ano, a intención deste goberno non é mover esa pancarta do 8M por esa cuestión. Se hai un espazo no fronte non hai ningún problema en poñela, pero non creo que haxa problemas de visibilidade.

3. Respecto da zahorra, entendo que é un rogo, evidentemente tan pronto haxa unha necesidade de uso que seguramente será inminente farase uso dela e adecentarase o espazo.

4. Respecto do pago dunhas taxas sobre unhas obras e que non está aprobado o Plan de Obras por parte de Deputación, a mecánica deste goberno e desta administración é tramitar inmediatamente as autorizacións previas para evitar retrasos, é dicir, se esperaramos á resolución das subvencións para solicitar as autorizacións previas seguramente moitas desas autorizacións cando nos chegasen, o prazo de execución e xustificación da subvención xa estaría pasado.

O Sr. Louzao voceiro do BNG di sen estar aprobado o proxecto e o día doce vólvese a facer o pago. Pagastes o día cinco e o sete contestouvos Augas de Galicia. O doce pagastes por unhas obras que foran rexeitadas polo Pleno, pagadas unhas taxas para unha obra que non está aprobada, para qué, para o ano que ven ou para cando? Non o dou entendido, sinceiramente.

O secretario-interventor di que respecto ao pago non hai ningún erro, o informe técnico considera que é obra non comunicación previa e a Xunta di que é suficiente comunicación previa, entón a Xunta di abonade a taxa como comunicación previa e procedemos á devolución da outra. Para presentar o POS a Diputación obriga a ter os informes sectoriais solicitados, iso é un informe sectorial, aínda que sexa unha comunicación conleva un taxa, o feito de que se faga con carácter previo é, e aínda que aquí non se aprobou hai un decreto de alcaldía polo que se solicitou correcta ou incorrectamente, iso xa se verá, preséntase a documentación completa á Deputación, en moitísimas subvencións hai que ter solicitadas as autorizacións no momento da solicitude da subvención.

O Sr. Reboredo, voceiro do BNG, di que o lóxico sería facelo despois de aprobados os proxectos.

O secretario-interventor di que se se fai o día sete a mañá, se teñen que facer os decretos, facer os pagos e cargar a documentación. Que vostede pode considerar que non é correcta, pode ser.

O sr. Louzao, voceiro do BNG, di que lle sigue sorprendendo e moito, que non estando aprobado o Plan se volte a pagar, aínda que non é pola contía.

5. Ese proxecto encáixase dentro do Plan de Estratexia de Infraestrutura Verde, orde de subvención non competitiva, a pretensión é acondicionar un roteiro perimetral pola parroquia de Touro, partindo do Parque de Reboredo, Mourelos, zona de piscina, paseo de Portapego e remate no parque de novo, unhas intervencións urbanas verdes, por así dicilo.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.43 horas do 13 de marzo de 2025.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Roberto Castro Rocamonde, alcalde-presidente

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: sXnNOlZs6sPLfiZcPywN Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.